

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROIS

Anuncio de exposición pública de expediente de desafectación de camiño en Liñares, Costa

ANUNCIO

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 4 de novembro de 2019, adoptou o acordo de aprobación inicial do expediente para a desafectación do dominio público local dun terreo que aparece como camiño municipal con referencia catastral 15075B504090670000GJ, situado no lugar de Liñares (Costa), coa forma límites e extensión que derivan da súa descrición no informe técnico.

Sométese o expediente a información pública durante o prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Tamén se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina dixital do Concello.

Durante o prazo de información pública os interesados e interesadas poderán examinar o expediente nas dependencias de Secretaria, situadas no Concello, e presentar, en igual período as alegacións e reclamacións que estimen pertinentes. Elevándose novamente o Pleno da Corporación aos efectos de adopción do acordo definitivo de alteración da cualificación xurídica do ben.

Rois, 15 de novembro de 2019.

O alcalde

Ramón Tojo Lens

2019/9407